



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 18 DE MAIO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día dezoito de maio de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Non asiste D. Miguel A. Español Otero

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Julia M^a. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito RE 2.730 de data 4 de maio de 2016, presentado por D. BRAIS DOMINGUEZ GONZALEZ, con enderezo na rúa Carretera da Parada, nº 4 do Rosal, solicitando a instalación de dous puntos de luz e a reparación do que está avariado no Barrio Marouco - O Castro.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se reparará o que non funciona e se xirará visita para estudar a conveniencia da instalación de novos puntos.

Dase conta do escrito 2.949 de data 11 de maio de 2016, presentado por ASOCIACIÓN GALEGA DE AMBULANTES E AUTÓNOMOS, con enderezo social na rúa Camiño do Adro de San Pedro, nº 8 - Cesantes en Redondela (CP 36693) solicitando a intervención da Policía Local do Concello da Guarda para identificar e denunciar ós vendedores que actúan no mercado local sen a pertinente autorización municipal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 2.- INFORMES XURÍDICOS

Dase conta do informe do Asesor xurídico municipal de data 4 de maio de 2016 comunicando a dilixencia de ordenación ditada o 29 de abril de 2016 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 304/12 entablado pola COMUNIDADE HEREDITARIA IGNACIO ALVAREZ ALVAREZ contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 19 de outubro de 2007 derivada da anulación de licenza de obras por sentenza do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra confirmada en apelación pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Dita dilixencia require de pago o importe non discutido de intereses de demora fixado en 43.547,14 euros.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Neste momento abandona a sesión o Sr. Crespo González.

PUNTO 3.- ASUNTOS URBANÍSTICOS

3.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 1.908/2016.- D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZÁLEZ, PARA REPARAR MURO DE PECHERÍA CONTRA LINDEIRO CONSISTENTE NA RETIRADA DOS MATERIAIS EXISTENTES E REALIZACIÓN DUN NOVO MURO CON BLOQUES DE FORMIGÓN DE COR BRANCO NUNHA LONXITUDE DE 13,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,25 MTS. NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE CASTIÑEIRA Nº. 39, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCELO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

Incorpórase a sesión o sr. Crespo Gonzalez

3.2.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.919/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 29-03-2016 (R.E. nº. 1.919), por **UNIFAMILIARES DE BOUZAS, S.L.** con C.I.F. nº. B-36.776.888 e con domicilio na rúa de Urzaiz nº. 102-7º D de Vigo-C.P. 36204, para "LEGALIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de Tomadas nº. 9 (Parcela 1) (Ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.), subscrito polo arquitecto D. José Ignacio Peña Chocarro.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 06-04-2016, considérase **favorable á legalización das obras.**

SEGUNDO.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, non observando na solicitude ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º. Concede-la licenza municipal de legalización das obras de vivenda unifamiliar sita na rúa de Tomadas nº. 9, parcela 1, Camposancos, a favor de Unifamiliares de Bouzas, S.L., impondo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnico e xurídico, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse á interesada, o Sr. Abeleira Cabaleiro, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 e o Servizo de Conservación da Natureza da CMATI, facendo constar expresamente na notificación que se faga a este último organismo autonómico que informen sobre a vixencia da autorización previa de data 27 de outubro de 2006 outorgada polo Delegado Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que permitía a construción de dúas vivendas unifamiliares a



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Unifamiliares de Bouzas, ou pola contra, sobre a necesidade de emitir unha nova autorización.

2. Acordar plantexar perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 de Pontevedra incidente de inexecución de sentenza derivada da posible imposibilidade legal o outorgarse a licenza de obras correspondente.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **UNIFAMILIARES DE BOUZAS, S.L.**, licenza para “LEGALIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Tomadas nº. 9 (Parcela 1), de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.880/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 28-03-2016 (R.E. nº. 1.880), por **UNIFAMILIARES DE BOUZAS, S.L.** con C.I.F. nº. B-36.776.888 e con domicilio na rúa de Urzaiz nº. 102-7º D de Vigo-C.P. 36204, para “LEGALIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Tomadas nº. 11 (Parcela 2) (Ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.), subscrito polo arquitecto técnico D. José Ignacio Peña Chocarro.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 06-04-2016, considérase **favorable á legalización das obras.**

SEGUNDO.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, non observando na solicitude ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º. Concede-la licenza municipal de legalización das obras de vivenda unifamiliar sita na rúa de Tomadas nº. 11, parcela 2, Camposancos, a favor de Unifamiliares de Bouzas, S.L., impondo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnico e xurídico, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse á interesada, o Sr. Abeleira Cabaleiro, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 e o Servizo de Conservación da Natureza da CMATI, facendo constar expresamente na notificación que se faga a este último organismo autonómico que informen sobre a vixencia da autorización previa de data 27 de outubro de 2006 outorgada polo Delegado Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que permitía a construción de dúas vivendas unifamiliares a Unifamiliares de Bouzas, ou pola contra, sobre a necesidade de emitir unha nova autorización.

2. Acordar plantexar perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 de Pontevedra incidente de inexecución de sentenza derivada da posible imposibilidade legal o outorgarse a licenza de obras correspondente.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **UNIFAMILIARES DE BOUZAS, S.L.**, licenza para “LEGALIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Tomadas nº. 11 (Parcela 2), de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

3.3.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENCIAS DE APERTURA

Exp. Nº 1.638/2016 de data 11.03.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. M^a ALMUDENA BARBOSA AMEAL con enderezo na Rúa de Malteses, nº 39 da Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS DE PERFUMERÍA E COSMÉTICA (Epíg. 652.3) no local sito na rúa Brasilino Alvarez, nº 14-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 31 de marzo de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a M^a ALMUDENA BARBOSA AMEAL licencia municipal nº 8/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS DE PERFUMERÍA E COSMÉTICA (Epíg. 652.3) situado na rúa de Brasilino Alvarez, nº 14-baixo.

Exp. Nº 2.183/2016 de data 11.04.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D. ENRIQUE GONZALEZ MARQUIER con enderezo na Rúa de Canónigo Domínguez Fontela, nº 3 da Guarda, para inicio de actividade de ACUPUNTORES, NATURÓPATAS E OUTROS (Epíg. 841.2) no local sito na rúa Canónigo Domínguez Fontela, nº 3-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 26 de abril de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. ENRIQUE GONZALEZ MARQUIER licencia municipal nº 9/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de ACUPUNTORES, NATURÓPATAS E OUTROS (Epíg. 841.2) situado na rúa de Canónigo Domínguez Fontela, nº 3-baixo.

Sendo as nove horas e trinta minutos do día da data ó sr. Alcalde levanta a sesión da que eu como secretaria dou fe.